Uxío Benítez ofrece unha charla no instituto Valle Inclán dentro do programa europeo EEPE

Benítez falou sobre o AECT Rio Minho e a importancia dos agrupamentos europeos na cooperación transfronteiriza e cohesión territorial europea

O director do AECT Rio Minho, Uxío Benítez, ofreceu unha charla no instituto do IES Valle Inclán como parte das actividades desenvolvidas polo proxecto "Escola Embaixadora Júnior do Parlamento Europeo (EEPE)" do que forma parte o centro educativo. Alumnado e docentes puideron coñecer de primeira man que é un Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial, cales son as súas funcións e importancia dentro das políticas de cohesión territorial da Unión Europea.

Así mesmo, Benítez falou sobre o caso particular do AECT Rio Minho, constituído formalmente o 24 de abril de 2018 e formado pola Deputación Pontevedra e a Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. A súa creación foi impulsada a través do proxecto Smart Minho, do que pasou posteriormente a formar parte como entidade socia.

Smart Minho é tamén un proxecto de cooperación europea cofinanciado ao 75% polo Fondo de Europeo de Desenvolvemento Rexional.